



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN, REALIZADA O 29 DE OUTUBRO DO 2020

Alcalde-Presidente:

Carlos Ladra Brage

ASISTENTES

Concelleiros/as;

Grupo político municipal PSdG-PSOE

Concepción Rodríguez Ferreiro

Diana M^a. Rodríguez Fernández

Grupo político municipal BNG:

Iago Varela Martínez

Paula González Grueiro

Grupo político municipal PP:

Elena María Arias Martínez

Manuel González López

Javier Fernández Brage

María José Bouza Varela

Grupo Mixto:

María Eva García Amor

Xosé Manuel Pérez Sardiña

AUSENCIAS XUSTIFICADAS:

Secretaria-Interventora:

Irene Suárez López

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as trece horas e trinta minutos, do 29 de outubro de dous mil vinte, reúnense en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde, Carlos Ladra Brage, os señores/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, coa asistencia da Secretaria-Interventora Irene Suárez López, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Presidente declara aberta e pública a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

ORDE DO DÍA

1º.- PROPOSTA APROBACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DO DOMINIO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS CON FINALIDADE LUCRATIVA.

Obra no expediente o ditame que se transcribe a continuación:

Expediente núm. 1416/2020

PROPOSTA DE ALCALDÍA.- Aprobación provisional da imposición da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.



En sesión plenaria ordinaria celebrado o pasado 27 de maio aprobouse a derogación da Ordenanza fiscal núm. 22 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, cuxo anuncio de aprobación definitiva foi publicado no BOP núm. 117, do 28 de xullo, todo elo co gallo de aliviar as cargas fiscais dos establecementos gravados con esta taxa, tras a crise derivada do COVID 19.

Este Concello en uso das competencias locais recoñecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, vai establecer, novamente, para o exercicio 2021, unha taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, motivo polo que se ten elaborado unha nova Ordenanza Fiscal, á que se acompaña o preceptivo estudo económico para o cálculo da tarifa.

Emitido informe pola Secretaría Intervención municipal e de conformidade coa proposta recollida no mesmo, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno da Corporación, órgano competente segundo o disposto no artigo 22.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das bases de réxime local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a imposición da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa e a Ordenanza fiscal reguladora da mesma, nos termos que figura no expediente.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

O concelleiro Xosé Manuel Pérez Sardiña intervéñ para dicir que ten unha emenda ao ditame e á que da lectura:

ASUNTO: Emenda ao ditame da Comisión Informativa de Contas e Facenda sobre taxa de ocupación con mesas e cadeiras.

Ó abeiro do establecido na lexislación vixente o concelleiro da marea de cabanas (em-pddd) presenta a seguinte emenda ao ditame da comisión informativa de servizos sociais, igualdade, sanidade, cultura, educación e deporte de 24 de xaneiro de 2020 sobre modificación da Ordenanza fiscal número 22, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa porque disente del e ten dereito a defensa e votación neste pleno extraordinario da corporación de 29 de outubro de 2020:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 26.1 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece que as taxas devénganse, segundo a natureza do seu feito imponible cando se inicie o uso privativo ou aproveitamento especial, ou cando se inicie a prestación de servizo ou a realización da actividade, aínda que en ambos os dous casos poderá esixirse o depósito previo do seu importe total ou parcial.

O artigo 26.3 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, contempla a devolución do importe das taxas cando, por causas non imputables ao suxeito pasivo, o servizo público, a actividade administrativa ou o dereito a utilización ou aproveitamento do dominio público non se preste ou desenvolva.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Considerando a suba dun 20% da taxa por ocupación de dominio público cando o goberno do Estado acaba de propoñer un novo estado de alarma ata a primeira semana de maio.

Considerando as limitacións ás que pode haber lugar segundo a normativa que lle afecta á hostalería.

Considerando que se requirirá informe previo dos servizos técnicos e xurídicos onde se especifique que o servizo e/ou a ocupación do dominio público non foi realizada por razóns alleas ao propio suxeito pasivo, e que o Concello non prestou o servizo xa que a realización do mesmo é a que determina a posibilidade de existencia da taxa pola dita prestación.

*En consecuencia, o Pleno **ACORDA** emendar parcialmente o ditame da comisión informativa segundo o seguinte:*

- 1. Engadir unha disposición transitoria primeira segundo o seguinte texto: “No caso de estar en vigor o Estado de Alarma ou a Alerta Sanitaria, a taxa sobre os servizos non prestados polo Concello ou non utilizado o dominio por causa allea a quen ostenta o dereito de uso, serán obxecto da correspondente devolución de ingresos polo tempo en que non se realice a dita prestación de maneira plena ou non se poida utilizar o dominio público, previos os informes técnicos e xurídicos que se realizarán de oficio”.*
- 2. Engadir unha disposición transitoria segunda que adapte a ordenanza ás limitacións de uso do espazo público alleas ao propio suxeito pasivo en Estado de Alarma ou Alerta sanitaria.*
- 3. Devolver a ordenanza para que a Comisión de Contas e Facenda ditamine o texto completo.*
- 4. Diseñar a apertura do trámite de modificación da ordenanza fiscal número 6 de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.*

O **Alcalde** cede a palabra á Secretaria para que lles explique se é posible introducir a cuestións indicadas na emenda.

A Secretaria di que introducir a disposición adicional prevista na emenda iría en contra da normativa, por canto se se produce o feito imponible da taxa, non se poden prever este tipo de excepcións para evitar a súa devindicación.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que o que propón na emenda non contravén a normativa, ademais que, aínda que non se incluía, di que se pode aplicar de oficio, considera que todo o recollido na emenda é axustado a dereito e que así o fixeron noutros concellos. Ademais di que tamén terían que ter en conta as limitacións de aforo impostas, aínda que se podan incrementar o número de metros da terraza, motivos polos que solicita que a ordenanza volva á comisión e tamén ve importante que, ao fío desta cuestión, se modifique a ordenanza de recollida do lixo.

O **Alcalde** di ao concelleiro que a Secretaria non ve posible introducir este tipo de disposicións na ordenanza, un tema que xa se comentou no seu día, cando se acordou a derogación da ordenanza anterior e di ao concelleiro que fai dúas semanas que ten a documentación á súa disposición, polo que estaría ben que presentara antes as emendas e non xusto no Pleno.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que como o alcalde comprenderá as propostas fainas cando se poden facer e tendo en conta que leva anos sen contestarlle un escrito, a confianza que ten na súa persoa é cero, así que di que exercerá os seus dereitos nos órganos que lle corresponden e cando lle correspondan,



porque di que non lles explicou nada da ordenanza e polo tanto non se senten vinculados co Alcalde, polo que o invita a que dea o paso e fale coa oposición. O concelleiro insiste en que o que el propón non contravén a normativa e pide ao alcalde que o estude ou polo menos ínstao politicamente a que cumpra eses puntos.

A concelleira **Elena Arias Martínez** di que se viron sorprendidos con esa emenda, que está un pouco descolocada, di que a Secretaria é clara na súa postura e non van a poñer en tela de xuízo a súa opinión, polo que se van abster.

O **Alcalde** di que o goberno estará expectante as consecuencias derivadas do COVID e apoiando a todos os sectores que o necesiten.

Sometida a emenda a votación é rexeitada por seis (6) votos en contra dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto, catro (4) abstencións dos concelleiros do PP e un (1) voto a favor do concelleiro do Grupo Mixto.

Sometido o asunto a votación e por seis (6) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto, catro (4) abstencións dos concelleiros do PP e un (1) voto en contra do concelleiro do Grupo Mixto adoptouse o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a imposición da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa e a Ordenanza fiscal reguladora da mesma, nos termos que figura no expediente.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

2. PROPOSTA CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE FERROL

Obra no expediente a proposta que se transcribe a continuación:

Expediente núm. 1425/2020

PROPOSTA DE ALCALDÍA.- Proposta Convenio de Colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol.

Visto a proposta do Convenio de Colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol, remitido pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con rexistro de entrada nº 2020-E-RC-2237, de data 13 de outubro de 2020, cuxo obxecto trata de establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para dar continuidade á aplicación das medidas de fomento do transporte público de viaxeiros en desenvolvemento do denominado Plan de Transporte Metropolitano de Galicia na área de Ferrol.

Visto que no Anexo Técnico do Convenio da área de transporte metropolitano de Ferrol, punto 2.5., establécense as contías e distribución anual das achegas derivadas do convenio de colaboración, correspondendo ao Concello de Cabanas unha achega anual de 2.308,07 euros para os exercicios 2021 a 2024.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Visto que na comunicación efectuada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade establécese a necesidade de que as certificacións dos acordos municipais sexan remitidos antes do día 13 de novembro de 2020.

De conformidade co exposto anteriormente esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. *Aprobar o Convenio de Colaboración remitido pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol.*

SEGUNDO. *Dar traslado da aprobación da presente proposta á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.*

O concelleiro **Iago Martínez Varela** di que é un convenio transicional ata o novo modelo que pretende implantar a Xunta, de aí a súa curta duración.

Sometido a votación a ratificación da inclusión na orde do día é aprobada por unanimidade dos presentes (11 votos).

Sometido o asunto a votación e por unanimidade dos presentes (11 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o Convenio de Colaboración remitido pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol.

SEGUNDO. Dar traslado da aprobación da presente proposta á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

E non habendo mais asuntos que tratar deuse por finalizada a sesión sendo as trece horas e cincuenta minutos estendéndose a presente acta da que eu, Secretaria, certifico.

Vº e Pº

